

María Pilar García Negro
Xoán Carlos Garrido Couceiro



María Victoria Carballo-Calero Ramos, no seu gabinete da Universidade. Á beira seu pai, Ricardo Carvalho Calero e a súa nai, María Ignacia Ramos, en Lugo

Entrevista a María Victoria Carballo-Calero Ramos



Cales son os primeiros recordos que gardas de teu pai?

Eu vivín en Ferrol até os 8 anos, entón non conservo moitos recordos. Un dos poucos que lembro é pasear con meu pai para ir a farmacia de Use-ro. Un moi bo amigo seu.

Cónstanos que Usero lle agasallou unha historia de Galiza de Murguía cando saíu do cárcere. Lembbras algo máis de entón?

En Lugo si que lembro claramente a miña infancia á beira de meu pai, xa no colexio Fingoi no que estiven desde o primeiro día até ir á Universidade. Desta etapa teño bons recordos máis ben desde un punto de vista práctico en canto aos resultados obtidos, mais foron uns anos moi duros porque o colexio era en réxime case de internado, de 8:30 da mañá as 20:30. Así que a diversión era máis ben escasa.

De Fingoi até a cidade case non pasaba ningún transporte. Entón case non facíamos outra cousa que estudar. Isto fixo que nos tivésemos unha formación moi esixente. El dábanos filosofía, literatura etc. e, claro, así tiñamos moito nivel pero a costa da nosa felicidade; logo, eu na Universidade vivín de rendas diso...

Tamén era un etapa dura para el, lembro como aínda era recente que

saíra do cárcere e andaba collendo a BBC...

De Lugo lembro os sábados e domingos; lembro ir a casa de Celestino Fernández de la Vega, de Antonio Figue-roa, alí é onde Tino Grandío lle fixo o retrato, tamén lembro Ánxel Johan que era un canario que colleron en Fingoi a través de Álvaro Xil. Tamén lembro cando no Nadal viña Ramón Piñeiro.

Na túa infancia tiveches ocasión de tomares conciencia de quen era teu pai e do nacionalismo de preguerra?

Non, el nunca falaba diso. Eu notaba que alí pasaba algo raro. Cando estaba a facer a Historia da Literatura mandábame polos paquetes con libros e información para o seu traballo e eu notaba ese clima de galeguismo e de preocupación pola lingua e cultura propia, pero falar diso non quería. Recordo a miña nai falando de problemas para alugar un piso ou doutros detalles que facían que eu palpara as cousas aínda que non me falaban do que

significaba politicamente o seu posicionamento. Castelao, Rosalía, Curros andaban por alí, pero non había unha formalización do que iso representaba.

En calquera caso, Carvalho encamiñoute ou influíu na túa carreira nun sentido ou noutro, e concretamente a ocuparte da arte do galeguismo?

El deixoume a min escoller o meu camiño, iso si, só poñía como condición que eu tiña que aprobar todo e estudar, e tamén condicionou a miña elección en canto non quería que fose a Madrid a estudar, e eu que inicialmente quería facer Clásicas aquí non tiña esa posibilidade. E en canto á cousa política el quería evitar problemas...

Eu era compañeira de Marina Mayor, Arcadio López Casanova... fun representante dos alumnos, e el dicíame, ti para non ter problemas di que non es filóloga...

Logo, en canto á orientación da miña investigación el foi quen me



Imaxes familiares de Carvalho Calero. Enriba asistindo a unha voda e embaixo na que supoñemos a primeira foto de Don Ricardo

aconsellou que traballase sobre cousas galegas como é o caso da miña obra sobre os ilustradores da revista Nós, que era un traballo enorme e de moitos ilustradores non se sabía nada (Vidarte, Méndez,...) xente sobre a que logo eu insistín moito.

É impresionante a calidade e a cantidade da obra de teu pai, a erudición que posuía, como forxou esa formación tan densa; xa lle viña da súa etapa universitaria ou adquiriuna de xeito autodidacta?

Lía sen parar, todo o día e toda a noite, sempre lendo e tomando notas. Tamén lle gustaba moito o cine e a música. El coñecía todas as zarzuelas. Eu de pequena, lembro que mentres el se afeitaba xa me poñía a lerlle os clásicos gregos...

Iso retráao como pedagogo...

Claro, así tiñamos esa formación no colexio Fingoi, iso si, logo topámonos con que non sabíamos nada de relixión, e o que daquela chamaban "Formación del Espíritu Nacio-



nal", xustamente do que el non nos falaba...

Un punto de inflexión na súa vida foi a Cátedra na Universidade?

Si, xa desde que retomou as viaxes a Santiago. Ía todos os martes e volví os mércores. El ao principio tamén daba aulas no Rosalía de Castro, e logo cando estivo dedicado á Universidade xa foi a mellor época del.

Canto aos piores tempos, do 1936 a 1939 e deste ano ao 1941 no

cárcere, que compartiu coa familia a respeito destes cinco anos?

Eu diso, o único que recuerdo, é que na nosa vivenda había un faiado enorme e alí lembro caixas e unha manta e cando lle preguntei a miña nai díxomesa foi unha das mantas que tivo alá... máis non se falaba diso. Pero ías adiviñando todo. O que máis me preocupaba era velo a el triste e doído, eu creo que até a etapa da Universidade non se sentiu ben. Eu



recordo un día en que viña da presentación do seu libro "Scorpio" coa xente da Universidade e lembro velo feliz, como era tan raro velo así quedoume fixada esa imaxe. Outro lugar onde o pasaba ben era cando ía a casa de Fernández del Riego, a Coruxo.

En calquera caso lembramos actos con el de grande emoción e recoñecemento público polas novas xeracións...

Si. Cando o Congreso Castelao lembro a ovación que durou case 10 minutos, que case non o deixaban falar. El tivo episodios moi gratos, pero a vida...

Mais tamén nos últimos tempos houbo malos momentos, eu son da tese de que a proscrición do teu pai veu máis por non se ter pregado á operación piñeirista que ao conflito ortográfico...

Miña nai sufríu moito polo enfrontamento con Piñeiro, porque eran íntimos. Cando a cátedra el vivía no piso de abaixo de Ramón Piñeiro e subía continuamente á famosa mesa camilla pola que todos pasamos. De feito, cando estaba internado no *Rosaleda* ao final de todo e estaba Piñeiro tamén moi mal -xa sabes que morreu ao pouco de meu pai- chamou un día Piñeiro e lembro que estiveron os dous catro ou cin-

co horas falando os dous. Nós quedamos no corredor. Eu que sei que pasou aí nesa conversa... Era unha amizade enorme pero logo pasou o que pasou e acabaron a mal. Despois tamén tivo os problemas cos da Universidade, co ILG, pero eses levábaos moito mellor. Gardaban máis as formas.

Miña nai foi a que peor o pasou. E o malo é que para os vellos correlixionarios quen era traidor era meu pai e non que os outros mudaran de posición. En calquera caso, iso nun país normal podía verse mesmo como enriquecedor que houbera diferentes visións. Despois de todo a disidencia por cousa da lingua tampouco é para lapidar a ninguén.

Nós, desde *Terra e Tempo*, queremos lembrar tamén o aspecto humano de teu pai canto á súa integridade e a que refugou beneficios persoais a cambio de mudar as súas posturas, independentemente de que se estexa máis ou menos de acordo con el. Esa actitude de dignidade...

Si, el non concibía poder aproveitarse de nada. Cobrar unha conferencia, que lle pagaran o taxi... para el era traballo por Galiza. Claro que podía ter sido todo tanto no terreo académico como político, aínda que tampouco o vexo a el cun cargo, que iso fose con

el. Mais é certo, el tiña unha rectitude, daba igual que lle desen por un lado ou por outro, el estaba convencido do que defendía.

Vouche contar unha cousa. Xa estaba no *Rosaleda* na última etapa da súa vida e dime un día: "Mira, é verdade que te queren nomear Directora Xeral de Política Lingüística?" Din iso -díxenlle eu- porque Victorino Núñez andaba a defender isto. E dim- "Como accedas a túa nai morre". Eu conteillo a miña nai e ela díxome "o que morre é el, non eu".

E como valoras o feito de que non se lle dé un recoñecemento como é debido desde a Academia ou a Universidade

A verdade é que esas cousas deixáronme de preocupar. Como di meu fillo, se non lle dedican o Día das Letras Galegas... mellor porque así fálanse del todos os anos. Algo debe haber aí. Eu pensei que esas cousas estaban superadas. Recordo que un día Del Riego nun acto me dixo: "non morro tranquilo sen que a Carballo lle dean o Día das Letras Galegas". Tamén Barreiro, cando estaba de Presidente da Academia me dixo unha cousa semellante. Cada un ten a súa opinión e eu non quero meterme niso. Pero debía discutirse iso abertamente... ■